



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTA COMBA

Decreto da alcaldía núm. : 1177/2024 do 30/07/2024. Asignación das funcións de seguridade da información do Concello de Santa Comba en cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade

ANUNCIO

Asignación das funcións de Seguridade da información do Concello de Santa Comba en cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade

Decreto da alcaldía núm. : 1177/2024 do 30/07/2024

Expediente Tedec: 2024/X999/000532

O Concello de Santa Comba está a aplicar as medidas necesarias para adaptarse Esquema Nacional de Seguridade (ENS).

Entre estas medidas está a aprobación da Política de Seguridade da información do Concello de Santa Comba

Esta Política aplicarase aos sistemas de información do Concello de Santa Comba que están relacionados co exercicio de dereitos por medios electrónicos, co cumprimento de deberes por medios electrónicos ou co acceso á información ou ao procedemento administrativo e que se atopan dentro do ámbito de aplicación do ENS.

Para garantir o cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade e establecer a organización da seguridade da información adaptada ás necesidades e particularidade deste concello, propónse unha designación de roles por bloques de responsabilidade: Goberno, Supervisión e Operación.

A Política de Seguridade establece a asignación dos roles e das funcións de seguridade por medio dunha resolución da Alcaldía.

De acordo co disposto, visto o acordo do Pleno da corporación municipal de 26 de xullo de 2024 polo que se aproba a Política de Seguridade da Información, e coa potestade de auto-organización da entidade recoñecida no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, con competencias na administración electrónica e a seguridade da información do concello, RESOLVO:

PRIMEIRO

Designar os seguintes roles e funcións da Seguridade da información, segundo o Marco de Gobernanza baseado en bloques de responsabilidades que se propón no punto 6 do documento de Política de Seguridade:

Bloque de Goberno:

• Responsable de Goberno, cuxas funcións exercita a Alcaldía-Presidencia do concello, que integra os seguintes roles e funcións ENS:

- Comité de seguridade da información.
- Responsable da información.
- Responsable do servizo.

A Alcaldía-Presidencia pode delegar estes roles e/ou funcións nun concelleiro ou concelleiros.

Bloque Executivo e de Supervisión:

• Responsable de Supervisión, cuxas funcións exercita a Secretaría do Concello, e que integra o seguinte rol ENS:

- Responsable da Seguridade.

• Delegado Protección de Datos (DPD), cuxas funcións exercitará a persoa física ou xurídica contratista do servizo de Protección de Datos, apoiando á persoa Responsable de Supervisión, con funcións de asesoramento e supervisión en materia de protección de datos.

Bloque de Operación:

• Responsable de Operación, cuxas competencias exercita a persoa coas funcións de docente de integración dixital do Concello de Santa Comba e que integra o seguinte rol ENS:

- Responsable do Sistema.

As responsabilidades de cada unha das persoas designadas están especificadas no documento de Política de Seguridade.

SEGUNDO

Notificar esta Resolución coas funcións ás persoas designadas e dar traslado ao Pleno da Corporación desta Resolución na vindeira sesión ordinaria.

Santa Comba, 1 de agosto de 2024

O Alcalde.

Alberto Romar Landeira.

2024/5518